

John Locke, pensador do século XVII, precedeu a Hume na exposición dunha epistemoloxía empirista, pero o eido no que máis influencia deixou foi o da filosofía política. Precursor tamén da Ilustración (*Carta sobre a tolerancia*), viviu nun ambiente crítico e pouco conservador, o que influíu na súa educación.

Home de leis, estudou filosofía, física, química e medicina na Universidade de Oxford. A súa amizade coa xente dos ambientes sociais, políticos e intelectuais máis prestixiosos de Inglaterra, opostos ao absolutismo, causoulle perxuizos e levouno ao exilio. Coa *Revolución Gloriosa*, pode regresar: significou un revés para o poder absoluto dos monarcas e o fortalecemento do Parlamento. A obra de Locke, sobre todo o seu **Ensaio sobre o goberno civil**, pode interpretarse como unha xustificación ou lexitimación deste cambio liberal que supuxera a caída dun monarca.

A **teoría política de Locke** encóntrase, dunha banda, moi próxima á de de Hobbes (**contractualismo**), pero, da outra, **nos antípodas do absolutismo** deste (*Leviatán*).

Para Locke, a orixe e lexitimación do Estado tamén son froito dun pacto entre os individuos que forman a sociedade. De feito, a convivencia en sociedade non se entende se non hai un consentimento por parte dos seus membros. Agora ben, este **contrato**, mediante o que se lexitima o Estado, **non comporta a renuncia aos dereitos persoais** nin a xustificación do absolutismo.

Coa súa teoría do contrato, Locke pretende precisamente xustificar a lexitimidade de dereitos persoais como o dereito á subsistencia ou o dereito á propiedade privada. Dito doutra maneira, segundo Locke, a submisión ao poder político en ningún caso pode significar unha renuncia aos dereitos individuais. O Estado, desde unha perspectiva liberal, subordínase aos intereses individuais. Na súa teoría política, o **contrato social** concrétase en tres conceptos:

***O estado de natureza.** Apártase significativamente da concepción do estado de natureza en Hobbes. Para Locke, neste estado, ademáis de gozar de liberdade e igualdade, os homes posúen **dereitos naturais** (téñense polo mero feito de pertencer á especie humana, aínda que non se viva en sociedade): dereito á subsistencia, á propiedade, á saúde... Agora ben, ter dereito a todo isto non quere dicir que na realidade todos eses dereitos se respeten, e máis se temos en conta que, no estado de natureza, non hai ningunha forza que teña suficiente poder como para obrigarlles a que se cumpran.

***O pacto.** Coa intención de asegurar o cumprimento destes dereitos, os homes libres pactan a súa incorporación á sociedade e a creación da autoridade. Segundo Locke, cando os homes se deciden a constituir a sociedade, non renuncian aos seus dereitos transferíndoos ao soberano; en realidade, o que fan é, precisamente, outorgarlles aos gobernantes o poder necesario para que os protexan.

***O Estado liberal.** Deste pacto, pois, xorde o Estado, pero, ao contrario do que sucedía segundo Hobbes, o poder do Estado non pasa a ser absoluto, senón **representativo**. Noutras palabras, os gobernantes están ao servizo dos individuos, xa que estes renuncian a unha parte da súa liberdade para que a autoridade protexa os seus dereitos. **No caso de que o soberano non cumpra esta función, o pobo ten dereito á insurrección e á anulación do pacto.**

Un dos puntos clave para evitar o absolutismo real é, segundo Locke, a **división de poderes**. O poder non se pode concentrar nunhas únicas mans, porque este sería o camiño máis rápido para o abuso e a corrupción. Locke sostén que en calquera sistema político poden distinguirse, e de feito teñen que distinguirse, tres tipos de poder: **lexislativo** (o Parlamento elabora as leis), **executivo** (o monarca aplica as leis e sanciona o cumprimento destas), e **federativo** (establécense as alianzas e rupturas entre os distintos Estados).

Mirando máis alá do empirismo británico, os teóricos da filosofía política deron un gran salto no camiño cara as democracias actuais. Hobbes, asumindo a idea de Descartes segundo a cal a razón está universal e igualmente repartida entre os seres humanos, estableceu o principio de igualdade como a fonte da que emana o poder. Desta maneira deulle un xiro completo á concepción do Estado, facéndoo depender da vontade dos propios seres humanos. Locke dará un paso máis: o principio de igualdade vaine levar á crítica do absolutismo e á defensa do liberalismo político.

O seu pensamento terá unhas repercusións practicamente decisivas nos pensadores **ilustrados** do século XVIII. **Montesquieu** perfilará a teoría da división de poderes e fixará os que aínda hoxe se conservan na maioría das democracias: poder lexislativo, poder executivo e poder xudicial.

Rousseau, seguindo a liña do contractualismo social, vaise converter no gran difusor da política democrática.

É importante lembrar que as **democracias actuais** teñen as súas raíces nestes teóricos dos séculos XVII e XVIII.